



Quintá - A Grade (San Vicente) - Chantada, 1978

Informante: Concha Casal Eiriz “Concha do Casal”

Compilador: Miguel López Coira

Autores da recolla: Miguel López Coira e Xosé Figueroa

Transcrición: Paula González e Isabel Vigo

A noitiña de Nadal,
noite de moita alegría
naceu un reiciño meigo
fillo da Virxen María.

Esa noite de tolemia
en que todo entolecía
veu ó mundo o pai do mundo,
fillo da Virxen María.

*Hai un meniño pequerrechinho
nacido nun portal.
Vinde rapaces, mozos e vellos
e vámolos adorar.*

Na raia de Portugal
música de pau cerrado
pra lle ofrecer ó meniño
un roliño pra deitalo.

E nós tamén lle daremos
manteliños pra tapalo
con estas noite de xiada
que frío terá o coitado.

*Hai un meniño pequerrechinho
nacido nun portal.
Vinde rapaces, mozos e vellos
e vámolos adorar.*